



D^a Nieves Domínguez González
Dirección de Asistencia Sanitaria
Edificio administrativo de San Lázaro
15703-Santiago de Compostela

A **Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (AGEFEC)**, é a única sociedade científica de enfermaría de atención primaria rexistrada en Galicia e federada na FAECAP, que engloba a trece sociedades científicas de atención primaria de España, e que ten entre os seus obxectivos contribuir a que os enfermeiros ofrezan aos cidadáns uns coidados de calidade e baseados na mellor evidencia científica.

Dentro da liña de colaboración coas institucións sanitarias da nosa comunidade, a AGEFEC ven de participar e desexa seguir participando, xunto a outras sociedades científicas ou asociacións, en mesas de traballo, grupos de expertos, foros de discusión, ..., nas actividades que nos sexan propias e sempre que se requira a nosa presenza.

Creemos que o actual marco de competencias, dos enfermeiros e enfermeiras de atención primaria, non está a aproveitar o potencial duns profesionais que teñen a formación necesaria e que queren ter un maior protagonismo na promoción da saúde, no coidado dos enfermos e na organización das unidades e servizos de atención primaria de Galicia. Con tal motivo expoñémoslle algúns puntos que creemos de especial relevancia para que os profesionais de enfermaría acaden as competencias e a capacidade resolutiva que este colectivo profesional está a demandar.

1. ESPECIALIDADE DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA.

Na actualidade xa está ultimado pola Comisión Nacional da Especialidade o deseño curricular da especialidade, e en xullo publicouse no BOE a resolución pola que se establecen as bases para a realización da proba obxectiva de avaliación da competencia para o acceso a especialidade en Enfermaría Familiar e Comunitaria segundo o RD 450/2005.

Esperamos de vostede:

- a. Unha aposta decidida pola especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria como garante duns coidados enfermeiros de calidade e con unhas competencias o máis amplas posibles.
- b. A oferta de prazas para a proba EIR.
- c. Facilite a necesaria comunicación e información entre o representante do Servizo Galego de Saúde no Ministerio de Sanidade e a AGEFEC.
- d. Acepte o ofrecemento de colaboración da AGEFEC no desenvolvemento da especialidade na nosa comunidade.

2. AMPLIACIÓN DO MAPA DE COMPETENCIAS.

Recoñecemento explícito de competencias que de facto ven desenvolvendo enfermería e adecuación do mapa de competencias aos novos plans de formación (espazo europeo de educación superior), con enfermería graduada, posgrao e posibilidade de doutoramento.

Esperamos de vostede:

- a. Sobre a prescrición enfermeira, a constitución dun grupo de traballo que decida que produtos sanitarios /medicamentos van poder ser indicados por enfermería.
- b. A xeneralización da solicitude por enfermería de probas analíticas para o seguimento e control de pacientes con enfermidades crónicas (experiencia xa iniciada na área de Santiago), segundo protocolos elaborados ao efecto.
- c. Que posibilite a derivación por enfermería ao nivel especializado de pacientes con enfermidades crónicas en seguimento e segundo protocolos elaborados ao efecto (por exemplo: pacientes con pé diabético ou úlceras vasculares, ou retinografías que presenten anormalidades,...).
- d. Recoñecemento da competencia en certas técnicas de cirurxía menor (por exemplo: drenaxe de abscesos, suturas, desbridamento de feridas, ...).
- e. Autorice a indicación ou emisión de informes de indicación por enfermería de aqueles materiais que se precisen para proporcionar coidados de enfermería (por exemplo: certo material ortoprotésico, cadeiras de rodas, absorbentes de incontinencia, ...).
- f. A modificación do actual contrato programa (protocolo de actividade), para que as actividades de enfermería relacionadas coas accións formativas grupais (escola, comunidade, grupos de pacientes, ...), e de promoción do autocoidado teñan un maior peso específico.
- g. A divulgación e implementación da Carteira de Servizos elaborada coa participación da AGEFEC xunto a outros profesionais a principios de este ano, a instancias da Subdirección Xeral de Calidade e Programas Asistenciais, cumprindo así co compromiso adquirido.

3. MODIFICACIÓN DO ACTUAL MARCO LEGAL.

Que sitúe á enfermería ao máis alto nivel, permitíndolle acceder aos distintos postos de responsabilidade coma xefaturas de unidade ou de servizo.

Esperamos de vostede:

- a. A modificación do anexo IV do decreto 226/1996 Productividade fixa. Modalidades A e B, en función de tramos de cartillas, cando os médicos de familia cobran por cartilla individual.
- b. A modificación do artigo 4º do Decreto 200/1993 de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia para permitir que os enfermeiros podan ser nomeados xefes de unidade ou de servizo.
- c. A modificación do artigo 4º apartado 4, para permitir que poda haber coordinadores de enfermaría non soamente nos Servizos de Atención Primaria senón tamén en todas as Unidades de Atención Primaria.

4. LIBRE ELECCIÓN DE ENFERMEIRO.

Coma un dereito dos usuarios a elixir libremente que profesional se vai encargar de dirixir, avaliar e prestarlle os coidados de enfermaría que precise.

Esperamos de vostede:

- a. Que adopte as medidas necesarias para facilitar aos usuarios a libre elección de enfermeiro.
- b. Que adopte as medidas necesarias para facilitar aos usuarios a posibilidade de solicitar cita co seu enfermeiro a través de internet ao igual que poden facer co seu médico de familia.

5. MÓDULO DE ENFERMARÍA NA HISTORIA CLÍNICA INFORMATIZADA.

A AGEFEC veu participando nunha mesa de traballo promovida polo Servizo Galego de Saúde, xunto con outros profesionais de recoñecida valía, na elaboración do módulo de enfermaría para IANUS, estando na actualidade esa mesa de traballo sen actividade.

Esperamos de vostede:

- a. Que dea as ordes oportunas para que dita mesa retome a súa actividade.

6. GARANTIR O RECAMBIO XERACIONAL DOS PROFESIONAIS EN ATENCIÓN PRIMARIA.

De seguir o procedemento actual, nos procesos de previsión de prazas de enfermaría do Servizo Galego de Saúde, a media de idade dos enfermeiros de primaria, en breve achegarase aos 60 anos polo éxodo da enfermaría hospitalaria, máis experta e máis veterana, as prazas de atención primaria.


Esperamos de vostede:

- a. As modificacións necesarias para que os anos de servizo non sexan o único mérito que se valore para acceder as prazas de primaria, valorando outros méritos como poden ser: a participación do profesional en mesas e grupos de traballo, a docencia de posgrao, a actividade investigadora, ou mesmamente a experiencia específica de traballo desenvolvido no ámbito da atención primaria.

Na espera de que estes puntos teñan boa acollida por vostede e se podan adoptar as medidas precisas, o antes posible, nos poñemos a súa disposición.

En Santiago de Compostela, a 3 de novembro de 2009.

Atentamente,



Isabel Veiguela Martínez
Presidenta da AGEFEC